

Reforzo Unidade 1

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Ordena as palabras seguintes e forma con elas oracións.

- cine, Manuel, coa, curmá, foi, ao, súa, venres, o.

Manuel foi ao cine coa súa curmá o venres.

- preguntaches, outro, lle, día, ao, pai?, teu, o, Que.

Que lle preguntaches o outro día ao teu pai?

- que, un, comprar, xersei, Teño, novo, luns, o, para.

Teño que comprar un xersei novo para o luns.

2. Ordena as oracións seguintes para formar un parágrafo.

- Púxose a dar voltas pola vila na busca do tunante que lle roubara o botón. **3**
- A señora Elisabet tiña unha tenda de teas pequeniña; sobre a porta penduraba un gran botón de nácara. **1**
- Despois dunha noite de brétema, viu sorprendida que lle desaparecera. **2**

3. Ordena os parágrafos seguintes para formar un texto.

- Pero a auga escoaba por entre os vimbios do cesto, e era ben difícil que chegase unha pinga. E os mozos marchaban tristes. **3**
- Mabale poñíalles unha proba a todos os mozos que lle pedían permiso para casar coa súa filla. A proba era a seguinte: tiñan que traerlle desde o río un cesto cheo de auga. **2**
- Hai moitos anos, nunha aldea á beira do río, vivía un home que se chamaba Mabale. Tiña unha filla moi fermosa. **1**

4. Elabora ti agora unha oración, a partir dela constrúe un parágrafo e a partir del, un texto. Resposta libre.

Reforzo Unidade 1

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Completa.

- As palabras agudas levan tónica a última sílaba e acentúanse cando rematan en vogal, vogal + **-n**, **-s** e **-ns**.
- As palabras graves levan tónica a penúltima sílaba e acentúanse cando rematan nunha consoante distinta de **-n**, **-s** ou grupos distintos de **-ns**.
- As palabras esdrúxulas levan tónica a antepenúltima sílaba e acentúanse todas.

2. Pon cinco exemplos de cada tipo de palabra.

Resposta libre.

3. Ponlles acento gráfico ás palabras seguintes se o precisan e clasifícaa.

Curmá	Ridículo	Chícharos	Pobre
Moscón	Compás	Nevar	Fame
Correr	Difícil	Útil	Túnica
Dátil	Tose	Coitelo	

AGUDAS	GRAVES	ESDRÚXULAS
Curmá, Moscón, Correr Compás, Nevar	Dátil, Difícil, Tose, Útil Coitelo, Pobre, Fame	Chícharos, Túnica

4. Escribe o ditado.

Fixemos unha espléndida viaxe ao estranxeiro na que visitamos París, Florencia, Roma...
Cando pola mañá cedo soa o despertador, chega o recendo das torradas acabadas de facer,
que o meu pai prepara, xunto co zume de laranxa acabado de espremer, para o almorzo de
toda a familia. A miña avoa sempre conta unas extraordinarias historias da súa mocidade.
É mundial!

Reforzo Unidade 1

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Literatura

1. Le os textos seguintes.

Un siseo colectivo rubricou as palabras do italiano, que con aprendida solemnidade baixou da tribuna encamiñándose teatralmente cara ao lugar da máquina. Subiu alí a un pequeno tallo para afrouxar a lámpada que daba luz ao barracón e o pequeno barullo que se iniciou na escuridade foi acalado deseguida polos murmurios desaprobatorios da maioría. Un dito aceirado e gracioso sobre a chepa da italiana quedou conxelado no aire sen resposta. A emoción da sala entrou no corazón de Ilustrísima, que se puxo a bater acelerado.


Carlos CASARES

Cabalgan as cores
das luces do día
envoltas en flores.

E os pícaros ledos
envoltos nas risas
de cen mil enredos.

Co meu papaventos
van o sol e a lúa
e a rosa dos ventos.

Xoán BABARRO



2. Contesta.

- Cales son os xéneros literarios dos textos anteriores? Cal falta?

Narrativa e poesía.

O teatro.

- Busca e escribe un texto do xénero literario que falta. **Resposta libre.**
